

China e América Latina: cooperación, competencia e dependencia

José Gabriel Martínez Borrás

O título deste artigo reflicte a complexidade das relacións sino-latinoamericanas e a súa evolución durante a primeira década do século XXI. A pesar de que a maioría dos países de América Latina e do Caribe (ALC) foron paulatinamente establecendo relacións coa República Popular China (RPCCh) desde os anos 1970 e 1980 (excepto aqueles que manteñen relacións con Taiwán), a complexidade destes lazos defínese a base da súa relación dentro da chamada “globalización neoliberal”, que experimentou a desregulación financeira laboral e a liberalización do comercio internacional desde finais do século pasado.

Mentres a maioría das análises arredor do futuro da RPCCh son extremadamente optimistas, aquí limitámonos a constatar os intercambios entre as dúas rexións en relación ás redes de produción transnacional dentro da economía política internacional actual. A primeira vista, podemos comparar a realidade de ambas rexións dentro do proceso de transición a finais do século XX, cando a ideoloxía neoliberal substituíu as ideas do keynesianismo e as políticas de industrialización por substitución de importacións (ISI) que naquel entón dominaban o panorama comercial e industrial dos países de ALC. Mentres ALC perseguía o ISI como política económica para a industrialización, países como Brasil e México convertéronse nos “milagres económicos” da época. Estes “milagres” víronse fortemente afectados polas realidades que levaron á crise da débeda do Terceiro Mundo.

En liña cos argumentos neoliberais da época, moitos dos países de ALC seguiron as recomendacións do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial para continuar as súas políticas económicas de acordo coas receitas do “Consenso de Washington”. Estas salientaban a privatización e desregulamentación dos seus mercados financeiros e laborais, e, en particular, orientar as súas exportacións aos países desenvolvidos para adquirir divisas. O resultado do neoliberalismo en ALC foi a denominada “década perdida” dos anos oitenta e noventa, onde o crecemento económico esperado nunca chegou e a pobreza disparouse no continente. Neste momento, ALC é a rexión máis desigual do planeta.

En contraste, o establecemento da RPCCh puido pór fin á dominación estranxeira do país e ás relacións feudais no campo, lograr o pleno emprego, a seguridade social básica e a igualdade xeralizada dos traballadores. Pero a planificación central derivou en insatisfacción pola falta de democracia participativa e o control obreiro sobre a produción. A pesar diso, a China de Mao Zedong alcanzou altos niveis de produción industrial, crecendo a unha media do 10% por cento anual⁽¹⁾. Estes logros alcanzáronse con pouca axuda estranxeira, e a diferenza de ALC, Chi-